ALGUNHAS NOVIDADES DESDE A BIBLIO

A maioría de vós xa sabedes que, no curso pasado, a nosa biblioteca foi unha das corenta seleccionadas en toda Galicia, para o primeiro Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, o cal nos supuxo, ademais dunha gran satisfacción, unha dotación de cartos que nos permitiu avanzar moito.

Neste curso, a Xunta, tras avaliar os traballos realizados, decidiu darnos outra importante dotación, que nos axudará a medrar máis. Sabemos que seguramente será a última, pero vainos permitir contar con medios que, doutro xeito, non poderíamos acadar.

Un dos proxectos que temos é o de crear na biblioteca do colexio un apartado para vós, con algúns libros, revistas, etc. que traten temas de interese para pais sobre a educación dos nenos e nenas. Gustaríanos saber se vos parece interesante ou, pola contra, non considerades que vos vaia resultar útil.

En canto aos libros que a biblioteca ten para os nenos, xa sabedes que podedes entrar, mirar, consultar, se queredes facelo pensando, por exemplo, nalgún título para comprarlles nun día especial.

O equipo de biblioteca.

Colorín colorado

Boletín para as familias

Colexio José Cornide Saavedra – A Coruña

Outubro – decembro 2006



COLORÍN COLORADO é o título do tema que, ao longo deste trimestre estamos a traballar todos xuntos, proposto polo equipo de biblioteca e como formación complementaria para os vosos fillos e fillas.

Neste tempo imos escoltar contos, buscar infomación, realizar actividades… aprender moito sobre:

- Cores primarias e secundarias; frías e cálidas;
- Pintores e cadros. O uso das cores.
- O arco da vella: as cores no ceo.
- As cores na nosa pel: as distintas etnias.
- Contos e poemas de cores; personaxes coloridos.

Aínda que sabemos que moitos de vós xa estaredes informados a través dos nenos, é a nosa intención facervos partícipes do tema que andamos a traballar e convidarvos a botar unha ollada, se o desexades, ao material e traballos que vaian aparecendo polo vestíbulo do colexio, todos eles relacionados con dito tema.

De todos os xeitos, xa sabedes que seredes convidados á Festa das familias, alá por decembro, na que veredes e escoitaredes aos vosos fillos e poderedes compartir con eles o traballo realizado.